

Salve, magister!

Nós, os teus alumnos e alumnas do IES As Lagoas, queremos rendirche unha pequena homenaxe, a ti e ao teu incansable traballo no ensino da lingua latina. Sabemos que lle dedicaches unha boa parte do teu tempo a estudar novos métodos para ensinar as locucións latinas, porque querías que chegáramos a coñecerlas e a empregalas con corrección. Agora, *ipso facto* (polo mesmo feito), queremos demostrarche que ese traballo tivo os seus froitos.

Ti mesmo nos tes contado que todo comezou *illo tempore* (por aquel tempo), aló polo ano 2001, cando descubriches que un grupo de 1º de bacharelato do que fuches titor non coñecía o significado, nin moito menos o uso, da maior parte das locucións latinas de uso actual. De seguro pensaches "*O tempora, o mores!* (oh tempo, oh costumes)" e decidiches comezar a traballar sobre este tema e publicar o resultado, por aquilo de que *verba volant, scripta manent* (as palabras voan, os escritos permanecen). Cando o traballo foi publicado, ti non tiñas *in mente* (na mente, no pensamento) o destino que lle agardaba, porque, como todos sabemos, *habent sua fata libelli* (os libros teñen o seu propio destino). Non sospeitabas nese momento que por ese estudo ías recibir un premio á innovación educativa, premio do que nunca alardeaches, pois é *vox populi* (voz do pobo) (coñecido por todo o mundo) que a humildade foi unha das cualidades que destacaron na túa personalidade.

Agora, querido Óscar, dirixímonos a ti, *motu proprio* (por propia vontade), neste acto que che dedicamos *in memoriam* (en memoria) e para o que sen dúbida houbo *quorum* (dos que - abreviatura de *quorum praesentia sufficit* - cuxa presenza é suficiente) entre o teu alumnado, lendo este texto que elaboramos *ex professo* (a propósito) e *ad hoc* (para isto).

Nós, o teu alumnado, queremos demostrarche *hic et nunc* (aquí e agora) que o teu traballo non caeu en saco roto, e queremos que aló onde esteas, vexas que, aínda que sexa *grosso modo* (sen moita exactitude, a grandes rasgos), comprendemos e empregamos con máis precisión este tipo de expresións. *Inter nos* (entre nós - en confianza), pedímosche *a priori* (con anterioridade) que se ao empregar algunha delas temos algún *lapsus linguae* (erro de lingua - erro ao falar), ou *lapsus calami* (erro de pluma - erro ao escribir), nos desculpes, pois o certo é que neste *mare magnum* (gran mar - idea de abundancia e confusión) de expresións ás veces liámonos un pouco. En calquera caso, considérao *peccata minuta* (faltas leves, sen importancia), pois, como ti ben sabes, *errare humanum est* (equivocarse é humano).

Cando rematemos os estudos no IES, entenderemos mellor o que significa que nos digan que tal universidade ten *numerus clausus* (número pechado) en determinados graos, saberemos que significa elaborar un *curriculum vitae* (carreira da vida - circunstancias sobre formación e vida profesional dunha persoa), cando consultemos a bibliografía necesaria para ampliar os nosos estudos entenderemos nas notas a pé de páxina as palabras *ibidem* (alí mesmo - nunha obra xa citada), *opere citato* (na obra citada), *addenda et corrigenda* (cousas que se deben engadir e correxir), e *et cetera...* (e o resto) e as súas abreviaturas, de uso tan frecuente.

Fóra xa do ámbito académico, asumiremos as decisións que tomemos dicíndonos a nós mesmos, tal e como fixo César ao cruzar o Rubicón, aquilo de *alea iacta est* (a sorte está botada), e aproveitaremos a sabedoría de vida que encerran expresións como *carpe diem* (goza do día presente) de Horacio, ou o *nosce te ipsum* (coñécete a ti mesmo), que rezaba en grego no Oráculo de Delfos. Será entón cando realmente comprobemos que tiñas razón, que o coñecemento destas expresións nos axuda a entender mellor o mundo que nos rodea e que nos fai persoas mellores e mellor formadas e saberemos valorar este saber que nos acompañará *in aeternum* (para sempre).

Por todo isto, grazas, magister. Por todas as cousas que nos ensinaches e que formarán para sempre parte de nós. Tampouco queremos estendernos demasiado, xa sabes, *intelligentibus pauca* (aos bos entendedores, poucas palabras).

Só nos queda despedirnos de ti, como non podería ser doutra maneira, desexándoches *sit tibi terra levis* (que a terra che sexa leve).